

Xaneiro 18

11 DE XANEIRO

10.05 horas. Entrevista en directo no programa Bos Días da Televisión de Galicia coa Valedora do Pobo.

Asisten polo Valedor do Pobo: valedora do pobo

Lugar de celebración: Instalacións da Compañía Radio Televisión de Galicia (CRTVG) San Marcos, Santiago de Compostela.

17 DE XANEIRO

12.00 horas. Xuntanza con Miguel Vieito Villar , Asesor Técnico do Concello de Santiago de Compostela, para falar da elaboración do Plan Integral de Atención a Persoas sen Fogar.

Asisten polo Valedor do Pobo: valedora do pobo e secretario xeral

Lugar de celebración: dependencias do Valedor do Pobo

22 DE XANEIRO

13.00 horas. A valedora participa na presentación do e-book “Muller: política e Igualdade” que recolle os relatorios das últimas xornadas “Sociedade e Dereito” nas que tomou parte.

Asisten polo Valedor do Pobo: valedora do pobo

Lugar de celebración: Facultade de Dereito de Ourense.

Xaneiro 18

23 DE XANEIRO

12.30 horas. A valedora asiste a unha xuntanza de comisionados autonómicos da transparencia en Madrid, convocados polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

Asisten polo Valedor do Pobo: valedora do pobo

Lugar de celebración: Dependencias do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (C/José Abascal, Madrid).

24 DE XANEIRO

12.00-18 horas. A institución organiza unha xornada de encontro coa veciñanza de Guitiriz (Lugo).

Asisten polo Valedor do Pobo: valedora do pobo e membros do seu equipo

Lugar de celebración: Concello de Guitiriz.

12.00 horas. Xornada de portas abertas no Valedor do Pobo coa visita de estudantes do centro coruñés IES Puga Ramón.

Asisten polo Valedor do Pobo: coordinadora xeral.

Lugar de celebración: Dependencias do Valedor do Pobo

Xaneiro 18

25 DE XANEIRO

12.00 horas. A valedora do pobo intervén nunha xornada sobre discriminación étnica ou racial convocada por Secretariado Gitano, formando parte da mesa institucional na que falará sobre a as personas como suxeitos de dereitos e de como axudalas desde a valedoría no caso de se ver discriminadas.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora do Pobo.

Lugar de celebración: Sede da Fundación Paideia (Praza de María Pita, A Coruña).

19.20 horas. Entrevista en directo coa valedora do pobo na Radio Galega.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora do Pobo.

Lugar de celebración: Estudios da Radio Galega en San Marcos (Santiago de Compostela).

30 DE XANEIRO

12.00 horas. XVIII Sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Asisten polo Valedor do Pobo: Valedora do Pobo (presidenta), adxunto (vicepresidente) e secretaria da Comisión.

Lugar de celebración: Dependencias do Valedor do Pobo.

Xaneiro 18

XUNTANZAS DE COORDINACIÓN

-8, 15, 22 e 29 de xaneiro. Xuntanzas ordinarias de coordinación do equipo do Valedor do Pobo.